

ACTA

Da sesión **extraordinaria urxente**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

23 de xuño de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as trece horas do día vinte e tres de xuño de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste a deputada Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor Accidental, D. Julio Souto Diz.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sra. Presidenta.- Ola, bo día. Comezamos este Pleno extraordinario urxente de 23 de xuño de 2023.



1.8008.- **PRONUNCIAMENTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA**

Sra. Presidenta.- En primeiro lugar, hai que votar o pronunciamento da urxencia da convocatoria. ¿Algunha observación? O sometemos a votación. ¿Votos a favor da urxencia da convocatoria? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobada por 15 votos a favor, e, ¿vostedes están os 11? 10, e 10 abstencións, vale, vale, *(escóitase unha voz)* ¿Que? 10, non somos 15 do goberno, é que temos a dous que son, non entrabamos todos alí, vale, pois queda entón aprobada por 15 votos a favor e 10 abstencións.

2.8009.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- No seguinte punto. Acta anterior. ¿Algunha observación? A someto a votación. ¿Votos a favor da acta? Queda aprobada por unanimidade. Lles informo neste punto que están agora mesmo nos partidos xudiciais tomándose nota de quen van a ser os deputados e deputadas, que unha vez que recibamos a última acta dos partidos xudiciais, como vostedes saben, hai 5 días hábiles para constituír o novo goberno que dependendo de eso pois será nuns días ou outros a nova constitución do novo goberno, e que 3 días antes de que eso aconteza terá que haber un Pleno duns segundos para aprobar esta acta, ¿non?, para pechar todas as actas, pois vale.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión extraordinaria de 19 de maio de 2023.

3.8010.- **APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2022 (Exptes. 2023043475-2023005203)**

Sra. Presidenta.- Pasamos entón ao seguinte punto da orde do día. Aprobación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2022. Informarilles de que non houbo alegacións a esta Conta Xeral, senón hai observacións a someto a votación. ¿Votos a favor da aprobación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 22? ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobada por 15 votos a favor e 10 abstencións.



Unha vez formada pola Intervención a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2022, reúnen-se as Deputadas e Deputados integrantes da Comisión Especial de Contas da Deputación Provincial de Pontevedra co obxecto de someter a informe da Comisión a Conta Xeral (nos termos establecidos no artigo 212.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), que inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

Resultando que a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2022, a consolidada, e a da Escola Universitaria de Enfermería é rendida polo Deputado Delegado Don Carlos López Font, por delegación efectuada por Resolución Presidencial número 2019012988 de data 15 de xullo de 2019. No caso do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, é rendida pola Presidenta da Deputación, Dona María del Carmen Silva Rego, e no caso do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes é rendida polo Presidente do Consorcio, Don José Crespo Iglesias.

Resultando que a Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 21 de abril de 2023 acordou por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do grupo provincial do Partido Popular, emitir informe favorable sobre o expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2022, que inclúe tanto a conta consolidada, a da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, e a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, nos termos e coa documentación que consta no expediente.

Resultando que, en cumprimento co disposto no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2022 foi exposta ó público a través dun anuncio publicado no Boletín Oficial da



Provincia de Pontevedra número 78, de data 24 de abril de 2023, por un prazo de quince días durante os cales as persoas interesadas podían presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimaran pertinentes ó citado expediente. Este prazo de exposición pública iniciouse o día 25 de abril de 2023, e finalizou o día 16 de maio de 2023 (ambos inclusive).

Resultando que durante o prazo de exposición pública non tivo entrada no Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra ningunha reclamación, reparo ou observación ó expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2022, segundo consta na certificación do Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra de data 6 de xuño de 2023.

Considerando o establecido no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; nos artigos 208 a 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 89 a 105 do Real decreto 500/90, de 20 de abril, e nas regras 44 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP:

1. Aprobar a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2022, que inclúe tanto a consolidada, como a da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, e a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
2. Rendir a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2022 así aprobada e toda a documentación que a integra ó Consello de Contas de Galicia.

4.8011.- **CONCESIÓN DE SUBVENCIONS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIONS SINGULARES**



PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030-PROGRAMA PON2030 (EXPTE. 2023010533)

Sra. Presidenta.- No seguinte punto. Concesión de subvención ao abeiro da convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a execución da Axenda 2030-Programa PON2030. Ten a palabra Sr. Font.

Sr. López Font.- Trasladar que sentimos un extraordinario orgullo, nos sentimos orgullosos y orgullosas, de poder culminar en este Pleno uno de los expedientes que expresan de una forma más clara y profunda el compromiso municipalista de este gobierno provincial. Es un expediente que iniciamos a principios de año y que ahora concluimos con la adjudicación de 40 subvenciones, repartidas en concurrencia competitiva y de acuerdo, como siempre, con bases objetivas, entre otros tantos concellos de la provincia. Se trata por lo tanto de un asunto ordinario, que pone fin a un expediente en marcha, que está previsto en el presupuesto de este organismo de este año 2023, y que va suponer un nuevo paso adelante de esta provincia. Con esta aprobación de los proyectos, los concellos beneficiarios del Plan PON2030 culminamos un período de gobierno de 8 años, que cambió la forma de entender de esta Diputación poniéndola en el siglo XXI y al servicio de la provincia. Hicimos posible un modelo de gestión de esta administración provincial valorado y reconocido, un modelo que marca un antes y un después en la trayectoria de esta administración provincial. Con modestia si pero con un infinito orgullo hay que decir que pusimos el listón de apoyo al municipalismo con transparencia y equidad muy alto. Este Plan PON2030, que sometemos a votación, no solo es un plan extraordinario, importante por la dotación económica, que es de 22 millones de euros, sino también por el hecho de que un total de 57 de 59 concellos, de menos de 50.000 habitantes, presentarán proyectos. Este para nosotros es un éxito mayúsculo, es el reconocimiento explícito de las oportunidades que esta Diputación, que este gobierno, ha dado a los concellos para sacar adelante grandes obras de equipamientos y dotaciones. El PON2030 sigue la estrella, sigue el camino del Plan Reacon, si ya de aquella elaboramos unas bases pioneras basadas en los objetivos de la Agenda 2030 y de las inminentes convocatorias europeas, el PON2030 ha incorporado la posibilidad de financiar inversiones relacionadas con la recogida y gestión de residuos sólidos urbanos y también con la economía circular. Es un ejemplo más de la vocación de esta Diputación por marcar un camino. En este PON2030 han resultado beneficiados un total de 40 concellos, una vez más todos los que superaron el corte de los 50 puntos, la diversidad de la



provincia y de gobiernos por formaciones políticas queda evidente en cual es el resultado final, 17 concellos gobernados por el Partido Popular, en el momento de la convocatoria, 14 gobernados por el Partido Socialista, 5 gobernados por el Bloque Nacionalista Galego y 4 concellos independientes, podría dar la relación pero la conocen todos ustedes. Estos son los datos que este gobierno pone a disposición de todo el mundo como siempre hemos hecho, es nuevamente el aval de transparencia, de municipalismo y de igualdad de esta Diputación. Además con este Plan 2030 vamos a mejorar la gestión de los residuos sólidos urbanos en dos concellos que como decía fue a mayores, pero también va permitir remodelar una plaza de abastos, una escuela infantil, un par de casas consistoriales, varios edificios públicos, 19 reformas urbanas, acondicionamiento de un centro socio-cultural; por lo tanto, todas estas actuaciones nos llevan a decir, como decía anteriormente, que con la máxima modestia pero con un infinito orgullo traemos el 5º Plan extraordinario que ha supuesto 151 grandes actuaciones, con un total de 75,5 millones, reconocido por alcaldes y alcaldesas. Ha sido un placer. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Mosquera ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Bo día a todos e a todas. Ben, este plan, os antecedentes son coñecidos, xa viñeron a Pleno, aprobámolo aquí, e xa de aquela faláramos entre os portavoces de que se iba a aprobar en este período. ¿Por que?, por que si forzábamos moito e se aprobaba antes das eleccións, pois sería interferir na campaña electoral pois facéndolle pasar o trago a alcaldes ou alcaldesas ou a candidatos de que se lle denegara ou se lle dera, sobre todo que se lle denegara, entonces, eso foi o que se falou e así cumprimos, ¿non?. Ou sea, obviamente non hai ningunha posibilidade de modificalo porque as bases estaban claras, vamos, a comisión avaliadora formada por funcionarios estaba clara, fixeron o seu traballo e polo tanto está, está, digamos, pois rematado e non parece que tuvera ningún sentido pois deixalo dous ou tres meses máis porque ten uns prazos e agora hai que, cada concello terá que seguir, ¿non?, os concesionarios, pode haber recursos, pode haber o que sexa, pois facelo. Eu o que destacaría deste Plan igual que de outros é que consolida totalmente o funcionamento desta Deputación por concorrencia competencia. É certo que nos primeiros que fixemos, ¡eh!, é certo, houbo concellos do Partido Popular que entenderon que se iba a funcionar de maneira discrecional, por non dicir arbitraria, ¿non?, agora pois resulta que se convenceron e o presentaron, de feito comparativamente quen máis subvencións levan nesto son os concellos do



Partido Popular, e nos alegramos profundamente e demais; e ó revés me dá a sensación de que houbo concellos de outras forzas políticas, dos que estamos no goberno, que se confiaron, confiáronse, bueno, a outra vez conseguímolos porque o presentamos mellor e agora, e ou se quedaron fóra ou levaron unha puntuación baixa, ¡eh!, levaron unha puntuación baixa. Creo que esa cultura que se foi implantando nos concellos de que aquí, nesta Deputación, pois si se presentan ben os proxectos, os valoran os funcionarios pois se leva e si hai outros mellores pois non se leva, ¡eh!, e temos exemplos de todas as forzas políticas e demais, pois creo que é un avance, creo que é un avance substancial que redonda en beneficio dunha cousa de que se fagan as cousas mellor, que creo que é o que debemos pretender, ¿non?, porque todos sabemos os graves problemas que se orixinan cando, pois un proxecto está moi mal, ¿verdá?, por, non se valora e non se di, non, está moi mal, non toca, despois pois mil problemas, mil modificados, incluso imposibilidades de execución ou o que sea. E creo que en xeral, vamos, é obvio pois melloraron bastante os proxectos, se creou a cultura nos concellos de que cando se fan as cousas ben hai premio e cando non se fan ben pode non habelo, e ese avance creo que é o máis substancial, xa digo que neste caso tocou así, que realmente os grandes beneficiados son os concellos do Partido Popular porque o fixeron mellor, punto, e se o fixeran peor pois non o levarían, e si outros o fixeran ben pois levarían e tal, ¿non?. E, nese sentido creo que damos cumprimento ó que se falara e ó que nos comprometéramos no seu momento, demos cumprimento cabal, e agora pois aprobámolo e os concellos poden seguir pois adxudicándose as obras, que, xa digo, teñen un bo nivel de calidade, polo tanto van ser obras que van a resolver problemas e non a crealos.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Cubela, ¡ai!, perdón, Sr. Mosquera. Sr. Cubela, ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Si, bos días. No tono no que se está celebrando o Pleno pois tamén vai ser a miña intervención si cabe sobre todo polas novas circunstancias políticas de respecto hacia o goberno saínte e, polo tanto, porque así mo din os meus principios. Pero ben é certo que queremos facer unha emenda política á celebración deste Pleno. Si ante o resultado electoral do pasado 28 de maio e o cambio político que se propiciou na Deputación de Pontevedra vemos que os que gañan teñen que ter a humildade suficiente os que perden tamén teñen que ter respecto por esas circunstancias. Como ben dicía a Presidenta na súa intervención, faltan escasos días para a formación dunha nova corporación e, polo tanto, da designación dun novo presidente e dun novo goberno. Sra.



Presidenta este Pleno non se tiña que estar celebrando, xa estabamos despedidos, despedímonos no último Pleno, tiñan que convocarnos exclusivamente para o último Pleno do mandato que é o da aprobación das actas, facilitar o traspaso de poderes, que estou seguro que o farán, e punto e final. Ademais das presas para convocar este Pleno extraordinario urxente o único que houbo por certo en todo o mandato, extraordinario urxente, e o baile continuo de datas para convocalo, a tan só uns días de pasar a oposición é absolutamente cuestionable i reprobable politicamente para un goberno en funcións. Asuman que o 23 de xuño, que é hoxe, a etapa deste goberno está rematada, a cidadanía retiroulles a confianza e xa non están en posición de tomar máis decisións. Remata un ciclo político, a alternancia en democracia é o que ten e, polo tanto, corresponde a unha nova corporación, a un novo presidente e a un novo goberno provincial xestionar o pendente para todo o exercicio 2023 e non a un goberno, que como todos sabemos, está en modo saída. Por iso vamos a abstermos en todos os puntos e co mesmo ton no que se debatiu e se presentaron os puntos nos que estamos a tratar fago a miña intervención. É unha emenda política a celebración deste Pleno e cremos que temos toda a razón en dicilo. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Eu agradezo moito o tono, Sr. Cubela, e, si non lle importa aos voceiros do PSdeG e do BNG, gustaríame pechar a min este punto, a non ser que vostede no seu uso da palabra teña, a solicite, que por suposto a terá. No mesmo tono no que vostede fala. Todos os proxectos que se están aprobando incluídos os de este Pleno derivan de procedementos ordinarios que, polo tanto, estaban moi maduros e só estaban pendentes da súa resolución final, ¿non?, pois a maioría dos convenios, ou das adxudicacións, ou de calquera tipo de procedemento administrativo que se fixo neste tempo en funcións pois maioritariamente, ademais teño que decirlle que foron para proxectos vinculados aos gobernos do Partido Popular; pois, por exemplo, a adxudicación creación do proxecto de mobilidade na estrada provincial 6007 de Lalín, recursos para mellora de accesos a núcleos rurais da Estrada, adxudicación da redacción da senda peonil de Noaia en Sanxenxo, o proxecto de mobilidade peonil na estrada provincial de Dozón, recursos para mellora da parroquia de Couso da Estrada, a licitación na avenida Sarmiento-Ribeira en Pontearreas, outro inicio de obras de Prado-Baño en Lalín, adxudicación de mellora de contorna i espazo da Mercé nas Neves, e así podería falar de Portas e Vilanova, de Ribadumia, de Poio, ¿non?. Polo tanto, as decisións de continuar co proceso ordinario eran simplemente para rematar e axilizar os proxectos que nós tiñamos a obriga de rematar e si o fixeran vostedes terían a obriga porque era o final dun procedemento, ¿non?. No caso do



PON2030 foi un acordo que, como moi ben dicía o Vicepresidente, acordouse entre os portavoces, ¿non?, non facer un acto de finalización do proxecto en época electoral para non danar a ninguén e foi un acordo, ¿non?, polo tanto, agora, o único que facemos é traer o resultado de unha comisión técnica, onde non hai ningún político, ¿non?, e polo tanto creíamos que isto facilita o cumprimento das obrigas cos concellos. Eu, dende logo, respecto a súa posición pero nós estamos cumprindo a legalidade a raxa tabla, a raxa tabla, é un procedemento ordinario, hai moita xurisprudencia que plantexa que se deben de rematar os procesos ordinarios, e dende logo non temos tomado, Sr. Cubela, e téñao absolutamente en claro, ningunha decisión nova que poida impedir que vostedes pois poidan comezar dende o día que tomen, se tome posesión o novo goberno, para poder facer aquilo que consideren modificación de orzamento ou aquilo todo que vostedes consideren. Polo tanto todo era, esto eran obrigas que tiñamos que facer, ¿non?, que estaban en marcha i era o proceso final, simplemente para a súa tranquilidade. Tamén neste punto quero comentarlle que o Sr. Font se vai a poñer en contacto con vostede como voceiro do Grupo Popular para dúas cousas onde vostedes deben participar activamente: Unha na toma de posesión para as invitacións a facer, inda que nós temos a obriga de facer toda a montaxe dende o punto de vista do protocolo, vostedes teñen que ter a capacidade de participación activa, vamos, o imos a facer, como tamén convocalos para que poidan vostedes ter toda a documentación de todas as áreas, para que saiban como está cada un dos proxectos e explicado pormenorizadamente para que unha vez que vostedes tomen as decisións do goberno pois cada unha das persoas que se vaian a encargar das áreas que vostedes decidan pois poida comezar inmediatamente e non teña que facer ese esforzo de ver cada tema, ver cada proxecto como está, polo tanto que tamén ese traspaso o queremos facer e a semana que vén se lles convocará para que vostedes decidan quen asiste a esa reunión de traspaso de poderes. Así que eu agradezo moito tamén este tono de último debate, creo que é o que temos que facer, coincido con vostede, en que hai que saber gañar e hai que saber perder, hai que facer as cousas ben, e creo que as estamos facendo con moita elegancia, Sr. Cubela, de feito eu o último día que din unha rolda de prensa foi o día seguinte ás eleccións, primeiro para felicitar ó Partido Popular por gobernar a Deputación de Pontevedra e para dicir que non ía a dar máis roldas de prensa como Presidenta da Deputación, porque tamén creo que en política hai que saber ser elegantes, ¿non?, e, polo tanto, creo que acabamos ben con este tono e desta forma, ¿non?. Así que, grazas a todas e a todos e someto este punto a votación. Votos a favor da concesión de subvencións ao abeiro da convocatoria do



Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030-Programa PON2030. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por 15 votos a favor e 11 abstencións.

ANTECEDENTES

1º O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.

As ditas bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO núm. 46, do 07/03/2023, sendo o prazo de presentación de solicitudes de corenta e cinco días naturais a partir da dita publicación.

2º De acordo coa base reguladora 1ª o obxecto da convocatoria diríxese á concesión de subvencións aos concellos cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes para investimentos que se estruturan en catro liñas de actuacións: rehabilitación de edificios existentes (tipo 1), nova edificación (tipo 2), espazos urbanos (tipo 3) e residuos municipais (tipo 4).

3º Segundo a base 5ª o financiamento do Programa PON2030 ascende a vinte e dous millóns de euros (22.000.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2023, imputable á aplicación orzamentaria 2023/942.9420.762.74.

4º A base 6ª indica que o procedemento de concesión é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios e baremos contidos na dita base, correspondéndolle a súa instrución á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios, tal como se indica na base 7ª.

5º O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 21/04/2023 e, dos potenciais 59 concellos beneficiarios da convocatoria, presentaron a súa solicitude un total de 57 concellos.

Segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª procedeuse a requirir a todos os concellos a emenda das súas solicitudes no prazo improrrogable de 10 días con expresa



advertencia de que no caso de non emendar as faltas ou omisións teríanse por desistidos das solicitudes, previa resolución.

Respecto ás solicitudes dos Concellos de Campo Lameiro e Ponte Caldelas, ao non reunir a solicitude a documentación esixida na convocatoria requiríuselles a súa emenda segundo os requisitos da citada base 10ª. Ao non presentar a documentación precisa no prazo legalmente establecido, enténdense decaídos no seu dereito e procederase a propoñer a súa desistencia, previa resolución ou acordo do órgano competente na que se declare formalmente.

6º Á vista do estudo dos proxectos realizado por parte da Comisión de persoas expertas, a instrutora do procedemento acordou excluír do proceso de valoración a solicitude do Concello de Vilanova de Arousa ao non axustarse a súa liña de actuación do proxecto a ningún dos catro eixes específicos sinalados na base 1ª e, así mesmo, ao incumprir o especificado na base 5ª ao tratarse da suma de actuacións dispersas no ámbito territorial do municipio de Vilanova de Arousa.

7º Finalizado o proceso de valoración dos proxectos por parte da citada Comisión de persoas expertas, quedan excluídos de subvención os Concellos de Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Cuntis, Forcarei, Moraña, Pazos de Borbén, O Rosal, Poio, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vila de Cruces, xa que non acadan a puntuación mínima esixida polas Bases.

8º En base aos criterios de concesión, a documentación existente no Servizo de Cooperación, as actas das dúas sesións da Comisión de persoas expertas de 07/06/2023 e 09/06/2023, e o informe dos Servizos técnicos provinciais de 20/06/2023, a instrutora elaborou o día 20/06/2023 unha proposta de puntuación detallada e en orde decrecente, obtida por cada solicitude incluída na fase de valoración e propoñendo a concesión de subvención a 40 solicitudes.

De acordo co previsto nas Bases reguladoras, na data 20/06/2023 a Intervención provincial fiscalizou favorablemente o informe da instrutora xunto coa proposta de puntuación e a relación motivada de solicitudes a excluír.

O día 20/06/2023 a Comisión de avaliación procedeu ao estudo do dito informe acordando por unanimidade que se eleve ao Pleno para a súa aprobación como proposta de resolución definitiva o citado informe, no que se propón a concesión de subvención para as solicitudes de 40 concellos.



Das 40 solicitudes que cumpren todos os requisitos esixidos polas Bases, propónse o reparto entre elas da totalidade do crédito (22.000.000,00€) e deste xeito correspóndelles a concesión do 100% da subvención a todos os concellos agás ao Concello de Ribadumia, ao que lle corresponde 202.724,24€ dun total de 385.146,51€ solicitados, ao esgotarse a totalidade do crédito do Programa PON2030.

No caso do Concello de Agolada detectouse un erro na valoración, dado que inicialmente considerouse que a actuación a realizar encadrábase dentro do Tipo 1 cando na realidade correspóndese cunha actuación de Tipo 2, o que deu lugar a unha modificación nas porcentaxes da achega municipal que pasou dun 15% a un 20%, na puntuación total acadada, e como consecuencia nos importes da subvención a conceder que minorouse dende os 461.508,30€ iniciais ata os 434.360,76€.

9º Á vista desta última valoración a instrutora formula o informe-proposta de concesión de subvencións para a súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación.

10º Así mesmo, sométese o citado informe-proposta o 22/06/2023 ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 - Programa PON2030.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2023.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2023, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que a xefa do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración feita pola comisión de persoas expertas á luz dos criterios de valoración establecidos nas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado e as porcentaxes de cofinanciamento. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2023 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Base reguladora 10ª da convocatoria que, segundo o disposto nos artigos 68.1 da LPAC, 23.5 da LXS, e 20.6 da LSG, prescribe que no caso de presentar incompleta a documentación á que se refire a dita base, se requirirá ao interesado para que nun prazo máximo de 10 días hábiles, emende as faltas ou omisións, con indicación de que non facelo, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP.
- Artigos 23.5 da LXS e 20.6 da LSG, en concordancia co artigo 68.2 da LPACAP, polos que o prazo de requirimento de emenda, ao abeiro dos procedementos de concesión en réxime de concorrencia competitiva, será improrrogable.



- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento á resolución, á desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade

CONCLUSIÓNS

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, no exercicio das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do vixente orzamento, e vistas as actas das dúas sesións da Comisión de persoas expertas de 07/06/2023 e 09/06/2023, o informe dos Servizos técnicos provinciais de 20/06/2023, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 20/06/2023, o informe de Intervención de 20/06/2023, a acta da Comisión de avaliación de 20/06/2023 e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 22/06/2023, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP:

- Aprobar a concesión de subvencións ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, segundo o procedemento de concorrencia competitiva, aos 40 concellos beneficiarios que figuran no **Anexo I** a este acordo, para a realización dos investimentos que se relacionan no mesmo, por un importe total de 22.000.000,00€, e de acordo coas porcentaxes previstas nas Bases reguladoras.

A concesión de subvención aos Concellos de Arbo, Baiona, Cangas, Meis, Mondariz, Nigrán, O Grove, Pontecesures, Redondela e Tui queda condicionada á obtención das correspondentes autorizacións sectoriais, que xa constan solicitadas.

A concesión de subvención ao Concello de Ribadumia queda condicionada á presentación por este Concello do compromiso dunha nova achega municipal, que aumentaría dende os 67.967,03€ iniciais ata os 250.389,30€, ao esgotarse co seu proxecto a totalidade do crédito dispoñible do Programa PON2030.



Así mesmo, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

- a) Tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.
- b) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
- c) Os beneficiarios deberán posuír todas as autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras.
- d) Os beneficiarios deberán ter executadas na súa totalidade as actuacións para as que se conceden as axudas a 30/04/2025. Así mesmo, deberán xustificalas no prazo de cinco meses desde a súa finalización (marcada pola data máxima da certificación final ordinaria) sen exceder, en todo caso, o 30/09/2025. O incumprimento destas obrigas dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.
- e) A licitación, execución e xustificación destes investimentos correspóndelle aos concellos beneficiarios, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- f) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.

No **Anexo II** relaciónanse 17 solicitudes desfavorables, motivando as razóns da exclusión.

- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 22.000.000,00€ na aplicación 2023/942.9420.762.74 do vixente orzamento provincial.

- Ter por desistidas as solicitudes dos Concellos de Campo Lameiro e Ponte Caldelas, de conformidade coa base reguladora 10ª, ao non contestar os concellos aos requirimentos de documentación realizados polo Servizo de Cooperación nos prazos legalmente establecidos.



- Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

ANEXO I – RELACIÓN DE CONCESIÓN DE 40 SUBVENCIONS

EXPTE.	CONCE- LLO	ACTUACIÓN	LI Ñ A	PUN- TUA- CIÓN	ORZAMEN TO	SUBVEN- CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI- PAL	OB- SER- VA- CIÓN
2023030757	LALÍN	CONSTRUCCIÓN EDIFICIO POLIVALENTE DE CARRAGOSO	2	82,64	741.548,50€	482.006,52 €	259.541,98 €	
2023030395	OIA	REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS DE OIA	1	81,81	981.332,34€	388.626,90 €	592.705,44 €	
2023029472	VALGA	CONSTRUCCIÓN DE SENDA PEONIL E VÍA CICLABLE NO CONTORNO DA LAGOA DE PORTO PIÑEIRO	3	81,63	614.738,09€	522.527,38 €	92.210,71 €	
2023030670	MEAÑO	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO BIOCOPARTIMENTADO E CONTEDORES	4	79,65	354.530,00€	301.350,50 €	53.179,50 €	
2023030289	LAMA, A	MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NO CONTORNO DA RÚA ALAMEDA	3	77,93	336.628,28€	302.965,45 €	33.662,83 €	
2023030722	DOZÓN	REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA USO SOCIOCULTURAL NO CASTRO DE DOZÓN	1	77,07	450.418,51€	347.275,91 €	103.142,60 €	
2023030350	VILABOA	REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIAL E DE MAIORES	1	75,89	643.268,02€	490.446,07 €	152.821,95 €	
2023030698	TOMIÑO	INTEGRA TOMIÑO: REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA CASA DA CULTURA E OUTROS EQUIPAMENTOS	1	74,12	1.332.968,5 €	999.726,11 €	333.242,04 €	
2023030740	GONDO- MAR	ACONDICIONAME NTO DA PRAZA MANUEL ALONSO (ALAMEDA)	3	72,20	1.198.353,69 €	925.994,61 €	272.359,08 €	
2023030701	GUARDA, A	PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTEGRAL EDIFICIOS SINDE, BLOQUE 1	1	70,28	1.038.094,14 €	709.738,81 €	328.355,33 €	
2023030749	CRECENTE	RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS NO CAMPO DE	1	69,89	428.478,28 €	364.206,54 €	64.271,74 €	



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	LÍÑ A	PUN-TUA-CIÓN	ORZAMEN TO	SUBVEN-CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI-PAL	OB-SER-VA-CIÓN S
		FÚTBOL DO CONCELLO DE CRECENTE						
2023030674	GROVE, O	INSTALACIÓN DEPORTIVA EN BIZOCAS	3	69,33	930.411,13 €	743.428,93 €	186.982,20 €	CONCE-SIÓN CONDI-CIONA-DA Á OBTEN-CIÓN DE AUTORI-ZACIÓN S SECTO-RIAS
2023030717	PORTAS	REHABILITACIÓN E MELLORA ENERXÉTICA DA ANTIGA CASA CONSISTORIAL DE PORTAS	1	67,46	207.614,46 €	176.472,29 €	31.142,17 €	
2023030287	PORRÑO, O	ESPAZO PÚBLICO E HUMANIZACIÓN RÚA PÍO XII. FASE 1	3	67,39	1.380.258,52 €	920.000,00 €	460.258,52 €	
2023030688	SANXEN-XO	MIRADOIRO DA PEIXEIRA E CONEXIÓN CON CAMPO DE SAN ROQUE (PORTONOVO)	3	67,29	990.537,77 €	792.430,22 €	198.107,55 €	
2023030323	COVELO	ACONDICIONAME NTO DO XIMNASIO NO PAVILLÓN MUNICIPAL	1	66,39	435.000,00 €	369.750,00 €	65.250,00 €	
2023030312	NEVES, AS	ACONDICIONAME NTO DA PRAZA DE SANTA MARÍA DE LINARES	3	62,94	528.649,00 €	475.784,10 €	52.864,90 €	
2023030288	MONDA-RIZ	CAMPO DE FÚTBOL E ZONA DE DEPORTE NA LAGOA	1	62,63	489.900,00 €	416.415,00 €	73.485,00 €	CONCE-SIÓN CONDI-CIONA-DA Á OBTEN-CIÓN DE AUTORI-ZACIÓN S SECTO-RIAS
2023030693	PONTE-AREAS	MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS: AVDA. CONSTITUCIÓN E CONTORNA DOS XARDÍNS DA XIRALDA (R/CONCHA BREY)	3	62,56	925.814,64 €	694.360,98 €	231.453,66€	
2023030681	NIGRÁN	MELLORA E REMODELACIÓN DO PARQUE DA RAMALLOSA	3	59,73	962.197,12 €	769.757,70 €	192.439,42€	CONCE-SIÓN CONDI-CIONA-DA Á OBTEN-CIÓN DE AUTORI-ZACIÓN S SECTO-RIAS
2023030388	PONTECES URES	PROXECTO DE ACONDICIONA-MENTO DA CONTORNA DA ESTACIÓN DO TREN	3	59,24	466.268,60 €	347.741,00 €	118.527,60€	CONCE-SIÓN CONDI-CIONA-DA Á OBTEN-CIÓN DE AUTORI-ZACIÓN S SECTO-



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	LIÑA	PUNTAÇÃO	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OBSERVAÇÕES
								RIAIS
2023030382	ESTRADA, A	MÓDULO CUBERTO MULTIDEPORTE	2	58,58	2.028.588,72 €	1.000.000,00 €	1.028.588,72€	
2023024072	CAÑIZA, A	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CAMPO DE FÚTBOL DE AUGAS FÉRREAS	1	58,42	599.935,27 €	479.948,21 €	119.987,06€	
2023030704	REDONDELA	REURBANIZACIÓN DA RÚA AS CARDOSAS, RÚA SALGUEIRAL E A SÚA CONTINUACIÓN POLA RÚA ERNESTINA OTERO EN VILAVELLA	3	57,98	982.719,40 €	737.039,55 €	245.679,85€	CONCESSION CONDICIONADA Á OBTENCIÓN DE AUTORIZACIONS SECTORIAIS
2023030354	VILAGARCÍA DE AROUSA	AMPLIACIÓN DAS INSTALACIONS E PISCINAS MUNICIPAIS DE FONTECARMOA	2	56,93	3.184.114,33 €	1.000.000,00 €	2.184.114,33 €	
2023028030	MARÍN	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA, A ACCESIBILIDADE E A HABITABILIDADE DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA CAÑOTA	1	55,78	662.811,76 €	463.968,23 €	198.843,53 €	
2023030712	BAIONA	ADECUACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO E MELLORA DAS REDES DE SERVIZO NA PRAZA VICTORIA R. CADAVAL	3	55,31	580.731,66 €	464.585,32 €	116.146,34 €	CONCESSION CONDICIONADA Á OBTENCIÓN DE AUTORIZACIONS SECTORIAIS
2023030004	MEIS	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA, SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS, REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL 0-3 DE MOSTEIRO	1	53,60	467.603,30 €	397.462,81 €	70.140,49 €	CONCESSION CONDICIONADA Á OBTENCIÓN DE AUTORIZACIONS SECTORIAIS
2023030325	FORNELOS DE MONTES	REHABILITACIÓN DAS INSTALACIONS MUNICIPAIS DEDICADAS A PISCINAS	1	53,50	351.433,59 €	298.718,55 €	52.715,04 €	
2023030705	ILLA DE AROUSA, A	NOVA SENDA PEONIL NO PASEO NAVAL	3	52,43	442.520,00 €	398.268,00 €	44.252,00 €	



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	LÍÑ A	PUN-TUA-CIÓN	ORZAMEN TO	SUBVEN-CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICI-PAL	OB-SER-VA-CIÓN S
2023029623	MOAÑA	PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DAS CARPINTERÍAS DE RIBEIRA DE A SEARA	1	52,12	919.452,49 €	689.589,37 €	229.863,12 €	
2023030223	ARBO	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CONTORNO DA CAPELA DE SAN XOÁN DE BARCELA. FASE I	3	52,03	408.510,44 €	367.659,40 €	40.851,04 €	CONCE-SIÓN CONDI-CIONA-DA Á OBTEN-CIÓN DE AUTORI-ZACION S SECTO-RIAS
2023030013	SALVATE- RRA DE MIÑO	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NA RÚA DA FORCA	3	51,80	540.416,10 €	432.332,88 €	108.083,22 €	
2023030690	AGOLADA	REMODELACIÓN DE PISCINA MUNICIPAL CON EDIFICACIÓN DE APOIO	2	51,76	542.950,95 €	434.360,76 €	108.590,19 €	
2023030008	CANGAS	PEONALIZACIÓN ÁMBITO DA RÚA EDUARDO VICENTI E AVENIDA DE MONTERO RÍOS	3	51,46	1.187.671,57 €	890.753,68 €	296.917,89 €	CONCE-SIÓN CONDI-CIONA-DA Á OBTEN-CIÓN DE AUTORI-ZACION S SECTO-RIAS
2023023860	CERDEDO- COTABA- DE	HUMANIZACIÓN E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS EN NÚCLEO DOS CASTROS	3	51,08	260.000,00 €	221.000,00 €	39.000,00 €	
2023030308	RODEIRO	HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO	3	50,90	472.953,05 €	425.657,75 €	47.295,30 €	
2023030660	TUI	EXECUCIÓN PASEO DA CORREDOIRA E AUGUSTO GLEZ. BESADA. FASE 1: AUGUSTO GLEZ. BESADA E CORREDOIRA SUR	3	50,69	994.643,81 €	795.715,05 €	198.928,76 €	CONCE-SIÓN CONDI-CIONA-DA Á OBTEN-CIÓN DE AUTORI-ZACION S SECTO-RIAS
2023030318	SILLEDA	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E REXENERACIÓN URBANA DA AVENIDA RECINTO FEIRAL E DA RÚA ARTURO PÉREZ LÁZARA	3	50,53	893.189,62 €	759.211,18 €	133.978,44 €	
2023030703	RIBADU- MIA	RECOLLIDA DE RSU NO CONCELLO DE RIBADUMIA	4	50,12	453.113,54 €	202.724,24 €	250.389,30 €	CONCE-SIÓN CONDI-CIONA-DA AO COMPROMISO DE AUMENTO DA ACHEGA MUNICI-PAL INICIAL



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN	LIÑA	PUNTA-CIÓN	ORZAMEN TO	SUBVEN-CIÓN PROPOSTA	ACHEGA MUNICIPAL	OB-SER-VA-CIÓN S
		TOTAIS			31.410.368,84€	22.000.000,00€	9.410.368,84 €	

ANEXO II – RELACIÓN DE 17 SOLICITUDES DESFAVORABLES

EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN		MOTIVO
2023030708	MORAÑA	RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E HUMANIZACIÓN NO LUGAR DE MOS		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030364	ROSAL, O	REURBANIZACIÓN DAS RÚAS ESTRADA VELLA E SANTIAGO RUIS NA PARROQUIA DE SAN MIGUEL DE TABAGÓN		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030263	PAZOS DE BORBÉN	ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTIAGO DE BORBÉN		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030359	BARRO	PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BARRO		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030243	SALCEDA DE CASELAS	NOVO EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO ÁS PISTAS DEPORTIVAS DESCUBERTAS E DE APOIO AO PAVILLÓN EXISTENTE		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030361	POIO	RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CONTORNO DE VIÑAS E AS LAXES		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030710	BUEU	HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DA RÚA NOVA DE ARRIBA EN BELUSO		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030720	CUNTIS	PISCINAS MUNICIPAIS DESCUBERTAS E EDIFICIO POLIVALENTE		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030671	CATOIRA	CONSTRUCCIÓN DE COMPLEXO DEPORTIVO DE CATOIRA EN OESTE		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030293	FORCAREI	VESTIARIOS EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030379	SOUTOMAIOR	PEONALIZACIÓN DA RÚA DE PORTAS E RÚA LAVANDEIRA, ARCADE. CAMIÑO DE SANTIAGO		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030677	VILA DE CRUCES	HUMANIZACIÓN DO RUEIRO URBANO DE VILA DE CRUCES. RÚA NEIRA VILAS E TRAVESÍA VÁZQUEZ 5		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030673	CALDAS DE REIS	PROXECTO DE ADECUACIÓN AMBIENTAL E CREACIÓN DE ESPAZO DEPORTIVO E DE LECER NAS CORTICEIRAS, CALDAS DE REIS		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023029975	CAMBADOS	MELLORA ESTÉTICA E FUNCIONAL DE ENCLAVES TURÍSTICOS NO CASCO HISTÓRICO DE CAMBADOS		O proxecto non acada o 50% da puntuación total (base 6ª 1)
2023030684	CAMPO LAMEIRO	CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN CAMIÑO AGRELO EN CAMPO LAMEIRO, DENDE PK 230,000 ATA PK 584,524		Ter por desistida a solicitude ao non presentar a documentación requirida (base 10ª)
2023030750	PONTE CALDELAS	PROXECTO DE EDIFICIO PARA COMPLEXO TERMAL EN PONTE CALDELAS		Ter por desistida a solicitude ao non presentar a documentación requirida



EXPTE.	CONCELLO	ACTUACIÓN		MOTIVO
				(base 10ª)
2023030303	VILANOVA DE AROUSA	RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR		Non acollerse ao obxecto subvencionable por cada tipoloxía de actuación (base 6ª 1) e suma de actuacións dispersas (base 5ª)

5.8012.- **ADDENDA N° 1 AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT” (EXPTE. 2021044958)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ao seguinte punto da orde do día. Addenda nº 1 ao “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación para a execución dun Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 21/23, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio CEIP Javier Sensat. Si non hai petición de palabra, si non hai someto a votación. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por 15 votos a favor e 11 abstencións.

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- En data 25/10/2021 asinouse un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, para levar a cabo o “Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e a mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat”.
- O pacto DÉCIMO do convenio prevé a constitución dunha “Comisión de Seguimento e Control”, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

Así, por mor das circunstancias tanto técnicas como económicas vinculadas a execución das actuacións previstas inicialmente no convenio, a Comisión de



Seguimento e Control, en virtude das súas competencias, na reunión de data 10/05/2023, aproba por unanimidade a proposta de adecuación das obrigas de financiación do convenio así como a prórroga do prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024 en virtude da memoria xustificativa presentada (CSV: 9A2AL7NCJYICUXX4).

- O pacto SEGUNDO do convenio recolle que o importe do mesmo ascende á cantidade de QUINCE MILLÓNS SETECENTOS NOVENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CATRO CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (15.795.204,71 euros) incluíndo os gastos de execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, dirección da obra ou asistencia á dirección.
- No citado pacto segundo do convenio, establécese a obriga de financiación para cada unha das administracións do seguinte modo:

	Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Total
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	2.538.752,48 €	4.125.000,00 €	4.120.000,00 €	10.783.752,48 €

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de DEZ MILLÓNS SETECENTOS OITENTA E TRES MIL SETECENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (10.783.752,48 euros).

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva á execución do convenio.

O Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de CINCO MILLÓNS ONCE MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON VINTE TRES CÉNTIMOS (5.011.452,23 euros), desagregados da forma seguinte:

	Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Total
CONCELLO DE VIGO	1.259.522,10 €	1.907.386,90 €	1.844.543,23 €	5.011.452,23 €



- A **situación actual de execución** implica que os importes das actuacións contempladas no convenio se modifiquen tal como queda reflectido nas seguintes táboas, e en virtude do cal procede realizar unha reformulación das obrigas económicas vinculadas ó convenio, pero mantendo sen ningunha modificación a achega da Deputación Provincial prevista no mesmo.

	Total inicial	Proposta de axuste	NOVO IMPORTE
1.- HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	1.265.055,00 €	- €	1.265.055,00 €
2.- VIGO VERTICAL – JR Jiménez FASE ROMIL E HISPANIDADE	1.343.697,48 €	930.252,10 €	2.273.949,58 €
3.- VIGO VERTICAL - Travesía de Vigo - Aragón	930.252,10 €	- 930.252,10 €	- €
4.- VIGO VERTICAL - J BENAVENTE - TORRECEDEIRA. Fase Marqués de Valterra Torrecedeira	1.240.336,13 €	- €	1.240.336,13 €
5.- RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	4.556.728,11 €	- 2.200.000,00 €	2.356.728,11 €
6.- HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	1.447.058,82 €	- €	1.447.058,82 €
7.- HUMANIZACIÓN AVDA. CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	1.550.420,17 €	- €	1.550.420,17 €
8.- PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS	3.100.000,00 €	2.200.000,00 €	5.300.000,00 €
9.- CUBRICIÓN DO PATIO CO CEIP JAVIER SENSAT	361.656,90 €	4.303,03 €	365.959,93 €
	15.795.204,71 €	4.303,03 €	15.799.507,74 €



	Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Total
Deputación de Pontevedra	2.538.752,48 €	4.125.000,00 €	4.120.000,00 €	10.783.752,48 €

	Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Exercicio 2024	Total
Concello de Vigo	550.000,00 €	647.144,90 €	3.218.610,36 €	600.000,00 €	5.015.755,26 €

O Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de CINCO MILLÓNS QUINCE MIL SETECENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (5.015.755,26 euros).

Non obstante, a execución e o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do Concello do ano 2024 ou das modificacións orzamentarias que se aproben para garantir o cofinanciamento de cada un dos proxectos que conforman o obxecto do contrato.

- As actuacións que implican alteracións de carácter substancial acaecidas no desenvolvemento das obras foron dotadas de crédito no marco orzamentario do Concello, como entidade executora do mesmo, tal como se reflicte na seguinte táboa.

Aplicación	Concepto	2021	2022	2023	2024	Total
1532.619.00.32	HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	550.000,00 €	- €	- €		550.000,00 €
1539.619.00.13	VIGO VERTICAL - CAMELIAS HISPANIDAD FASE ROMIL E HISPANIDAD			730.252,10 €		730.252,10 €
1539.619.00.12	VIGO VERTICAL - J BENAVENTE – TORRECEDEIRA. Fase Marqués de Valterra	- €	300.000,00 €	120.336,13 €		420.336,13 €



	Torrecedeira					
1721.609.00.10	RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	- €	- €	826.728,11 €		826.728,11 €
1532.619.00.08	HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO – RÚA RUISEÑOR	- €	- €	447.058,82 €		447.058,82 €
1532.619.00.00	HUMANIZACIÓN AVDA CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	- €	250.000,00 €	250.420,17 €		500.420,17 €
1532.210.00.04	PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS	- €	350.000,00 €	500.000,00 €	600.000,00 €	1.450.000,00 €
3230.622.00.05	CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP JAVIER SENSAT	- €	47.144,90 €	43.815,03 €		90.959,93 €

Asemade, no marco do convenio, pacto TERCEIRO, cabe lembrar que ambas partes propuxeron que o reaxuste das anualidades da execución dos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

- Doutra parte, respecto do prazo de vixencia do mesmo, o pacto DÉCIMO PRIMEIRO (“Prazos de execución, xustificación e vixencia do Convenio”) establece que “no caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024”.



- En canto á vontade de prórroga, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece no seu artigo 49.h).2º que respecto do prazo de vixencia do convenio “en calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción”.
- O interese xeral e a conveniencia na concertación da addenda reflíctense na citada Memoria xustificativa de data 08/06/2023 (CSV: 9A2AL7NCJYICUXX4), na que tamén se fai constar que a adecuación financeira sobre as obrigas para o Concello de Vigo, as cales en parte xa foron executadas e que na actualidade se atopan todas contempladas no marco orzamentario vixente, non supoñen ningún desequilibrio orzamentario, polo que dita proposta de addenda non altera os principios de sustentabilidade financeira, en base ao artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que foron determinados na tramitación do presente convenio.
- En data 19/06/2023 a xefa do Servizo de Cooperación informa a proposta de addenda e, pola súa banda, en data 20/06/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de fiscalizado e conforme de dita proposta.
- En data 22/06/2023 sometese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social para levar a cabo a Addenda nº 1 ó “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común



das administracións públicas (LPACAP).

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da



mesma.

- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47^a e 48^a de execución do Orzamento provincial para 2021, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 48.5. da LRXSP, que dispón que os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio. En consonancia co anterior o artigo 49.d) dispón entre o contido mínimo dos convenios, as obrigas e compromisos económicos asumidos por cada parte e a súa distribución temporal por anualidades.
- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos. A estes efectos, o pacto décimo do convenio prevé unha Comisión de Seguimento, na que se deu conta do estado de execución do convenio e propón a aprobación dunha addenda para adecuar os compromisos financeiros e a ampliación do prazo de vixencia.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ó respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais.

CONCLUSIONES



En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación vixente, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, informo favorablemente a sinatura da Addenda nº 1 ó “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no Colexio CEIP Javier Sensat”, para a adecuación financeira, mantendo as mesmas obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra, e co fin de ampliar o prazo de vixencia do convenio un ano, isto é, ata o 31 de decembro de 2024, e mantendo invariable o texto do convenio en todo o demais.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16ª.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ó Pleno a autorización e disposición do gasto.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

En consecuencia e á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, da Intervención Provincial e do ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do Partido Popular:

- Aprobar a Addenda para a adecuación financeira e a ampliación do prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat”, cuxo teor literal é o seguinte:



“ADDENDA Nº 1 Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT

En Vigo a data da sinatura dixital.

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo

EXPOÑEN

1.- Con data 14 de setembro de 2021, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o “Convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a execución dun “Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no



colexio CEIP Javier Sensat”. EXPTE. 954/441”. Dito convenio foi asinado polas partes con datas de 22 e 25 de outubro de 2021.

2.- Dito convenio regula no pacto “DÉCIMO” a constitución dunha Comisión de Seguimento e Control, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Entre as competencias de dita Comisión de Seguimento atópase a de “emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire”.

3.- A Comisión de Seguimento do convenio, reunida en sesión de data 10/05/2023, acordan por unanimidade aprobar o contido do informe presentado en relación ós contidos propostos para os reaxustes das propostas establecidas inicialmente no marco do convenio debido a cuestións tanto económicas como técnicas, de acordo o contido da acta da reunión que se achega como anexo a esta addenda.

4.- Por todo o exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder aos reaxustes das propostas establecidas inicialmente no marco do convenio debido a cuestións tanto económicas como técnicas, conforme ós seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO: A deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar as obrigas do financiamento do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat, de acordo coa seguinte proposta en relación ás actuacións vinculadas coa execución do convenio.

a.- Recoñecemento das actuacións executadas polo Concello de Vigo en relación ós contratos vinculados coa execución do convenio de acordo co contido da acta da Comisión de Seguimento de data 10/05/2023.

RESUME XERAL DOS PROXECTOS:

	Total inicial	Proposta de axuste	NOVO IMPORTE
1.- HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	1.265.055,00 €	- €	1.265.055,00 €
2.- VIGO VERTICAL – JR Jiménez FASE ROMIL E HISPANIDADE	1.343.697,48 €	930.252,10 €	2.273.949,58 €



3.- VIGO VERTICAL - Travesía de Vigo - Aragón	930.252,10 €	- 930.252,10 €	- €
4.- VIGO VERTICAL - J BENAVENTE - TORRECEDEIRA. Fase Marqués de Valterra Torrecedeira	1.240.336,13 €	- €	1.240.336,13 €
5.- RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	4.556.728,11 €	- 2.200.000,00 €	2.356.728,11 €
6.- HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	1.447.058,82 €	- €	1.447.058,82 €
7.- HUMANIZACIÓN AVDA. CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	1.550.420,17 €	- €	1.550.420,17 €
8.- PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS	3.100.000,00 €	2.200.000,00 €	5.300.000,00 €
9.- CUBRICIÓN DO PATIO CO CEIP JAVIER SENSAT	361.656,90 €	4.303,03 €	365.959,93 €
	15.795.204,71 €	4.303,03 €	15.799.507,74 €

SEGUNDO: Adecuación das obrigas de financiación das actuacións do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat de acordo coas seguintes obrigas:

Achegas económicas da Deputación Provincial de Pontevedra: (Mantéñense sen ningunha modificación as achegas previstas no Convenio).

Achegas económicas do Concello de Vigo: Propónse a seguinte modificación das achegas do Concello de Vigo:

O Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de cinco millóns quince mil setecentos cincuenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (5.015.755,26 euros), desagregados da forma seguinte:



Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023	Exercicio 2024	Total
550.000,00 €	647.144,90 €	3.218.610,36 €	600.000,00 €	5.015.755,26 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos das aplicacións:

Aplicación	Concepto	2021	2022	2023	2024	Total
1532.619.00.32	HUMANIZACIÓN MARTÍNEZ GARRIDO FASE 4	550.000,00 €	- €	- €		550.000,00 €
1539.619.00.13	VIGO VERTICAL - CAMELIAS HISPANIDAD FASE ROMIL E HISPANIDAD			730.252,10 €		730.252,10 €
1539.619.00.12	VIGO VERTICAL - J BENAVENTE - TORRECEDEIRA. Fase Marqués de Valterra Torrecedeira	- €	300.000,00 €	120.336,13 €		420.336,13 €
1721.609.00.10	RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA SAMIL T.M. VIGO. FASE I: ENTRE PUNTA SAMIL E CAMALEÓN	- €	- €	826.728,11 €		826.728,11 €
1532.619.00.08	HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RÚA RUISEÑOR	- €	- €	447.058,82 €		447.058,82 €
1532.619.00.00	HUMANIZACIÓN AVDA. CASTELAO. FASE ROTONDA BARCO E DARÍO DURÁN	- €	250.000,00 €	250.420,17 €		500.420,17 €
1532.210.00.04	PLAN DE MELLORA DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS	- €	350.000,00 €	500.000,00 €	600.000,00 €	1.450.000,00 €
3230.622.00.05	CUBRICIÓN DO PATIO NO CEIP JAVIER SENSAT	- €	47.144,90 €	43.815,03 €		90.959,93 €
	TOTAL CONVENIO 21/23	550.000,00 €	647.144,90 €	3.218.610,36 €	600.000,00 €	5.015.755,26 €

TERCEIRO: O prazo de vixencia do convenio prorrógase ata o 31 de decembro de 2024.



CUARTO: En todo o demais, o texto do convenio asinado polo Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, respectivamente asinado polas partes con datas de 22 e de 25 de outubro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ó seu clausurado.

E para que así conste, e en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Asdo.: M^a Carmen Silva Rego

A Secretaria do Goberno Local do Concello de
Vigo

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra.

Asdo.: Susana Gallardo Fariña

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay”

- Facultar á Presidenta para formalizar a devandita Addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello de Vigo, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia e ó Gabinete de Prensa.

6.8013.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN E URXENTE OCUPACIÓN, DA DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA E DO PROXECTO DAS OBRAS DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-2801 FORNELOS-ESTACAS, ENTRE O PQ 0+000 E O PQ 0+210. CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES” (EXPTE. 2022012917)**

Sra. Presidenta.- E no último punto da orde do día. Aprobación inicial do expediente de expropiación e urxente ocupación, da declaración de utilidade pública e do proxecto das obras de “Mellora da mobilidade peonil da estrada provincial Fornelos-Estacas no Concello de Fornelos de Montes”. Sr. Mosquera.



Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas. Como non hai rogos e preguntas quería facer, que conste en acta o pésame pola morte da irmá da Presidenta e, sen ganas de abrir ningún debate, igual hai este Pleno extraordinario urxente polas vicisitudes que ocorreron con esa morte. Dígoo, como explicación e sen querer entrar en máis voltas.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Aínda está moi recente aínda me provoca moita dor e emoción. Ben, pois finalizado o Pleno levántase, laij, non o sometín a votación, perdón. ¿Votos a favor deste punto 6 da orde do día? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por 15 votos a favor e 11 abstencións. E non habendo máis asuntos na orde do día levántase a sesión.

Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de *“Mellora da mobilidade peonil na EP-2801 Fornelos–Estacas, entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+210. Concello de Fornelos de Montes”*.

As obras que comprende o presente proxecto están encamiñadas ó acondicionamento da estrada EP-2801, ó longo duns 210 metros na saída do núcleo urbano de Fornelos de Montes, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil.

A solución proxectada busca darlle prioridade ó tráfico peonil, incrementando o espazo ocupado polas beirarrúas e creando zonas de convivencia cando o ancho das mesmas non permite o cumprimento das condicións de accesibilidade.



Previamente ó inicio das obras é preciso proceder á demolición dos pavimentos existentes que non sexan compatibles coa nova solución proxectada e ó fresado da calzada a conservar, así coma á retirada de sinais, barreiras de contención, varandas, etc., e á adaptación de pozos de rexistro e arquetas á cota da nova rasante.

Tendo en conta as características actuais do ámbito das obras descritas no apartado anterior, optouse por distinguir dúas zonas diferenciadas. Ó inicio da actuación, coincidindo co treito de edificación consolidada, executarase unha zona de convivencia do tráfico peonil e rodado.

O orzamento das obras proxectadas é de douscentos trinta mil catrocentos trinta e nove euros con vinte e dous céntimos (230.439,22€). Os xustiprezos polas expropiacións necesarias estímase en mil novecentos vinte e cinco euros con vinte céntimos (1.925,20 €).

2. A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión de 27 de febreiro de 2023 un convenio de colaboración coa Deputación Provincial para a execución das obras o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 14 de abril de 2023.

De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos xustiprezos polos bens e dereitos afectados fináncianse integramente polo Concello de Fornelos de Montes.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).



- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras -Código Seguro de Verificación (CSV-1BYDD5JN3G0AF9MD) redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro.

No anexo 7 do proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar.

Están afectadas as seguintes parcelas:

Núm.	Ref.Catastral	Sup. Necesaria (m ²)	Ocupación temporal (m ²)
1	5378706NG4857N	12	14
2	5378707NG4857N	13	16
3	36019A01900013	8	12
4	36019A01900014	7	11
5	36019A01900015	51	53
6	36019A01900017	14	7
7	36019A01900018	18	5
8	36019A01900019	51	49

- Informe, de 13/03/2023, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 12/05/2023 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Certificación catastral das parcelas obxecto de expropiación e nota simple negativa informativa do Rexistro da Propiedade de Ponte Caldelas-Redondela, de 14 de marzo de 2022, relativa a todas as parcelas obxecto de expropiación.
- Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en



registros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en registros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que *“se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refíre o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares”* (artigo 5.1).

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que *“1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”*.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 12 de maio de 2023 no que sinala que *“Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que cerca do p.q. 0+000 e o p.q. 0+210 da EP-2801 Fornelos- Estacas atópase un gran núcleo de poboación que polas características actuais da vía as persoas que queren acceder a el dispoñen dun treito moi perigoso, sen beiravías e con unha curva que dificulta a visibilidade impedindo camiñar con seguridade, obrigando aos peóns a invadir a estrada e convivir neste treito cos vehículos motorizados, co risco que iso supón para a seguranza viaria, véndonos obrigados a*



expropiar de forma urxente estas oito parcelas para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación tanto para os peóns como para os vehículos motorizados”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece: “1. *A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:*

- a) A declaración de utilidade pública.*
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.*
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.*
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.*
- e) A declaración da urxencia da ocupación.*

2. *Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.*

3. *Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.*

4^a.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “*A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.*

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.



Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos - información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

- “a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.*
- b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:*
- 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.*
- 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.*
- “2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:*
- a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.*
- b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.*
- c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.*

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: *“Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras*



actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que á aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12.02.2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª.- Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de Estradas de Galicia, o Plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).



De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva corresponderíalle á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considerase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría segundo ten sinalado en informes precedentes (12.02.2021 expediente con referencia 2021002891), logo do informe favorable da Intervención Xeral de data 1 de xuño de 2023, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “*Mellora da mobilidade peonil na EP-2801 Fornelos–Estacas, entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+210 Concello de Fornelos de Montes*” cun orzamento de 230.439,55€ e 1.925,20 € de expropiacións.



Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

Núm.	Ref. Catastral	Sup. Necesaria (m ²)	Ocupación temporal (m ²)	Prezo Unitario (€/m ²)	Valor Expropiación (€)	Prezo unitario ocup. temporal (€/m ²)	Valor ocupación temporal (€)	5% premio de afectación (€)	Valor Total (€)
1	5378706NG4857N	12,00	14,00	12,00 €	144,00 €	1,20 €	16,80 €	7,20 €	168,00 €
2	5378707NG4857N	13,00	16,00	12,00 €	156,00 €	1,20 €	19,20 €	7,80 €	183,00 €
3	36019A01900013	8,00	12,00	12,00 €	96,00 €	1,20 €	14,40 €	4,80 €	115,20 €
4	36019A01900014	7,00	11,00	12,00 €	84,00 €	1,20 €	13,20 €	4,20 €	101,40 €
5	36019A01900015	51,00	53,00	12,00 €	612,00 €	1,20 €	63,60 €	30,60 €	706,20 €
6	36019A01900017	14,00	7,00	12,00 €	168,00 €	1,20 €	8,40 €	8,40 €	184,80 €
7	36019A01900018	18,00	5,00	12,00 €	216,00 €	1,20 €	6,00 €	10,80 €	232,80 €
8	36019A01900019	51,00	49,00	12,00 €	204,00 €	1,20 €	19,60 €	10,20 €	233,80 €



E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as trece horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

